

## PROPOSTA PARA A GUÍA DE APOIO ÁS FAMILIAS, ALUMNADO E PROFESORADO.

Elaborado por REGADE (Rede Galega de Desenvolvemento Infantil e Atención Familiar) e FOANPAS (Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e comarca).

Fixemos unha táboa para sintetizar as dificultades que atopamos nesta situación de alarma pero que podemos aproveitar para cambialas por oportunidades de mellora, tanto para as familias e os seus fillos, como para o profesorado.

	DIFICULTADES	OPORTUNIDADES	PROPOSTAS DE MELLORA
<b>ALUMNADO</b>	Saturación pola cantidade de materia.		Coordinación entre o profesorado.
	Ausencia de ferramentas tecnolóxicas e as conexións a internet.		Dotación de medios por parte da Administración.
	Dificultades de xestión emocional, distimia, depresión, ansiedade, etc. Dificultades de socialización.	Novos xeitos de relación e de actividade.	Uso de redes para aprender a participar en grupos de xogos, discusión, etc. Seguimento e apoio por parte do Departamento de Orientación (D.O.) Apoio externo de profesionais da Psicoloxía, Pedagogía e Psicopedagogía
	Necesidade de actividade física.	Novos xeitos de actividades compartidas.	Titorización por parte do profesorado de Educación Física.
	Seguimento de alumnado de Necesidades Educativas Especiais (NEE) e Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE)	Actualizar os modelos de intervención centrados en desenvolver as competencia do alumno/a e da familia.	Titorización do D.O. Apoio externo profesional.
	Alumnos/as totalmente desconectados/as. Non fan ningún tipo de traballo.	Posibilidade de implicación familiar.	Seguimento por parte do D.O. Coordinación con equipos externos.
	Adicións tecnolóxicas e xogo.	Coñecer outras posibilidades de traballo, Relación e ocio da rede.	Organización do tempo de ocio. Promoción do ocio saudable. Apoio profesional externo. Apoio do D.O.

	Adolescentes desaparecidos.	Tempo para poder “educar aos fillos/as” sen problemas de falta de tempo.	Favorecer a socialización como “asignatura”, tarefas de redes sociais, grupo de traballo ou discusión.
	Alumnado en modo vacacións. Dificultade para identificar o fogar como contexto educativo.	Replantexarse a educación como unha tarefa comunitaria, familia e escola.	Organización de tarefas familiares, implicándoos nas rutinas “somos un equipo, ¿ti qué fas?”
	Ausencia de material.	Fomento da creatividade.	Asesoramento D.O. Apoio externo. Orientación.

	DIFICULTADES	OPORTUNIDADES	PROPOSTAS DE MELLORA
PROFESORADO	Descoñecemento ou falla de familiaridade co uso dos medios técnicos e a posta a punto dos mesmos para teletraballar (ordenador, teléfono, internet)	Actualización dos materiais técnicos adaptada ás necesidades reais. Actualización de coñecementos, aprendizaxe funcional.	Elaborar guías de actuación. Soporte técnico. Videoconferencia.
	Fenda tecnolóxica entre o profesorado.	Posibilidade e tempo para a formación “en vivo”	Formación <i>on line</i>
	Dificultade de avaliación das aprendizaxes. Tarefas non avaliábeis.	Modelo de intervención diferente. Formación en competencias contextualizadas, curriculum máis abertos e aprendizaxes funcionais.	Medir competencias, no memorísticas e de elaboración del alumnado.
	Non atención á xestión emocional.	Formación, actualización en “xestión emocional”	Desenvolver competencias socioemocionais.
	Estrés e sentimentos de impotencia. Sobrecarga: todo o día conectados.	Dar importancia e recibir formación en saúde mental, entendida de xeito global.	Apoio profesional externo. Diminuír o volume de tarefas diarias. Elaborar un horario de traballo.
	Presión da administración.	Revisión do modelo educativo.	Apoio entre profesionais para “reclamar” as prioridades actuais.

	DIFICULTADES	OPORTUNIDADES	PROPOSTAS DE MELLORA
FAMILIAS	Dificultades na xestión do tempo (teletraballo, apoio nas tarefas escolares, tarefas do fogar, coidado dos/as fillos/as, ocio familiar, etc.)	Tempo para poder “educar ós seus fillos/as” sen problemas de tempo. Máis tempo para compartir en familia e poder “educar as/os fillas/os sen présas”	Orientación apoio DO. Asesoramento externo. Organización das tarefas familiares e prioridades.
	Problemas de relación e violencia intrafamiliar.	Oportunidade para cambiar o modelo de relación familiar, partindo dun modelo de consecuencias e fomentando o diálogo e acordos como equipo.	Orientación apoio DO. Asesoramento e apoio externo.
	Dificultades de autorregulación. Ansiedade, presión e impotencia.	Priorizar intereses e necesidades. Formación, actualización en “xestión emocional”	Asesoramento e apoio externo.
	Escasos coñecementos das redes sociais e aplicacións.	Educación dixital e manexo de aplicacións. Diminuír a fenda dixital entre pais/nais e fillos/as.	Formación en redes e aplicacións contextualizadas ás necesidades dos fillos/as.
	Soidade na educación	Traballo en equipo.	Artellar estratexias para a colaboración entre as persoas implicadas na educación das crianzas (familia, escola, apoio externo).
	Interrupción de apoios e terapias.	Novas estratexias de traballo.	Modelos de traballo máis centrado nas competencias das familias e os/as menores fronte ó centrado no experto. Orientación apoio e seguimento.
	Falta de material adaptado.	Novas metodoloxías e materias de traballo. Fomento da creatividade.	Asesoramento. Orientación, apoio e seguimento.
	Falta de coñecementos pedagóxicos en canto o apoio escolar e de especialista (PT;AL)	Formación online. Replantexarse a educación e o apoio psicopedagóxico como tarefa compartida.	Asesoramento. Orientación, apoio e seguimento